

A TOPONIMIA NA FRASEOLOXÍA GALEGA

M^a Carmen Paz Roca

Tanto a toponimia coma a fraseoloxía no ámbito galego ofrecen un campo de estudo no que queda aínda moito por descubrir. A miña intención é poñer de manifesto a contribución que cada unha destas disciplinas pode facer ó estudo da outra. Ámbalas dúas áreas ofrecen coñecemento da nosa historia, do ámbito e costumes e, ó mesmo tempo, son vehículos de expresión dunha comunidade con características coincidentes, pero tamén específicas, en relación coas demais.


O estudo está limitado ás paremias que, en palabras de Gloria Corpas, son «enunciados completos (...) que se caracterizan por constituir actos de habla y por presentar fijación interna (material y de contenido) y externa» (Corpas 1996:132). O corpus manexado é o que dende hai anos se vén compilando no proxecto «Diccionario galego de fraseoloxía» do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, ó que pertenzo actualmente. Dese corpus fíxose unha selección daqueles refráns nos que aparecían topónimos, localizando cada un no mapa. Ademais, excluíronse dous mil douscentos trinta deles por formaren parte dunha colección recollida por Francisco Vázquez Saco, publicada polo Centro. En total, dunha mostra de dous mil cento trinta e dous refráns atopouse referencia a cincocentos noventa e un topónimos diferentes. A organización deste material leva a facer unha serie de reflexións sobre a relación entre toponimia e paremioloxía.

Por unha banda, dicía Paulette Gabaudan nun estudo sobre o *Refranero geográfico zamorano* de Luis Cortés, que «los refranes son testigos de la memoria colectiva. Gracias a ellos nos enteramos de la existencia de pueblos desaparecidos, de su fundación, etc. Pueblos que no figuran en el mapa de la Diputación, pero sí en el refranero» (1997:251). Na colección que me dispoño a analizar tamén apareceron algúns topónimos que non estaban recollidos no *Nomenclátor de Galicia*, na *Gran Enciclopedia Gallega* ou no *Diccionario Madoz*. É o caso de *Cancelón*, *A Donia*, (Velle, Ourense) *A Gurita* (praia próxima a Fisterra) ou *Loura*. Este último aparece no refrán *De Loura, xente loura*, recollido nas Rías Baixas, pero non atopamos a súa localización exacta en ningunha das fontes arriba mencionadas.

M^a Carmen Paz Roca

Ademais, nun momento en que a mobilidade xeográfica é maior, as cidades medran e as áreas rurais están cada vez máis despoboadas, as dúas disciplinas que nos ocupan corren o risco de perder referentes. Podemos facer listaxes de nomes de aldeas nas que xa non vive ninguén ou de refráns que recordan eses lugares non recollidos nos mapas. Pero tamén hai novos núcleos de poboación que deberían dar pé a novas paremias e isto daríalle dinamismo ó noso estudo.

Pola outra banda, os refráns referidos a topónimos presentan en moitos casos estruturas recorrentes, segundo indiquen previsións meteorolóxicas, prestixio ou desprestixio dun lugar sobre outro ou como pasar por unha aldea. Tendo en conta que a fraseoloxía ten a súa razón de ser sobre todo na tradición oral, é interesante ver como se adaptan as estruturas e topónimos para conservaren a rima e ritmo así como para facilitaren a memorización. É frecuente tamén que cada unidade teña validez só no ámbito no que se localiza. De aí a importancia de saber onde se recolleu. A estrutura do traballo que presento ten relación coa variedade que presentaba o corpus analizado. Cada un dos epígrafes responde a un subgrupo dentro do conxunto de refráns que conteñen topónimos. O gráfico representa as porcentaxes e subgrupos.



Topónimos e meteoroloxía nos refráns

Gran parte das paremias que conteñen topónimos indican prognósticos meteorolóxicos. Do material analizado, o 22,98%¹ dos refráns que contiñan nomes de lugares eran deste tipo. Actualmente, sabemos cal é a previsión do tempo para varios días a través dos medios de comunicación. Estas previsións fanse a partir de información almacenada durante o último século, ou últimas décadas, acerca de como varía o tempo en función de indicadores coma a presión atmosférica ou o vento. Pero o saber popular conserva un repertorio moito máis antigo de criterios para facer

predicións de microclima a nivel local, que quedan patentes na riqueza paremiolóxica acerca destes fenómenos.

En canto á forma, a maioría presentan unha estrutura bimembre na que a primeira parte indica a dirección do vento ou das nubes, a cor do ceo cara a un punto ou outro da xeografía ou incluso o estado do mar, mentres que a segunda, indica a previsión meteorolóxica correspondente. Así, en Sarria, na provincia de Lugo, din *Vén o vento de Piñeira, arma a caldeira á goteira*, sendo Piñeira unha parroquia ó sudoeste do concello de Sarria. Na Gudiña, en Ourense, din que *Se van as nubes para o Cebreiro, colle a capa e o sombreiro*. O Cebreiro queda para o norte e o refrán indica mal tempo tamén.

A importancia do contido non está só na información acerca do tempo, senón tamén no feito de que as paremias deste tipo recollen moitos nomes de montes pequenos ou cabos ben coñecidos polos mariñeiros pero que non aparecen nos mapas máis habituais. Algúns destes lugares non lograron aínda entrar nas coleccións de microtoponimia, pero seguen vivos na memoria de quen emprega o refrán. O non apareceren rexistrados, implica en moitos casos que a forma ortográfica varía, o que dificulta moito o labor de localización. Un exemplo é o refrán *Cando o mar bate a Baleiños, vento sur ou neboeiros*, recollido tres veces pero coas formas *Valieiros* e *Valleiros*. Baleiños é unha enseada en Santa Uxía de Ribeira, e a forma normativa é *Baleiros*.

A dificultade para determinarmos a onde pertence un topónimo é dobremente difícil cando non sabemos onde foi recollido o refrán. Por un lado, atopámonos con algúns como *Castro*, *Vilar* ou *A Ponte* que son moi numerosos por toda a xeografía galega e é imposible establecer con certeza de cal se trata. Ás veces hai que recorrer ó propio sentido do refrán, é dicir, se o prognóstico é de chuvia e o refrán fala do aire, o lóxico sería pensar que o lugar de onde vén o vento quede ó sur do sitio onde vai chover. Pero por outro lado, están aqueles refráns que fan referencia a puntos tan concretos e pouco coñecidos que é difícil saber onde están.

Outro elemento que cómpre ter en conta é o valor local específico de cada un deles. Refráns coma *Cando o Pico Sagro pon touca, auga temos, pouca ou moita* ou *A praia de Panxón a roncar, bo tempo vai entrar* teñen validez nas terras do Ulla ou na zona próxima a Panxón, respectivamente, que é dende onde se poden ver o Pico Sagro ou escoita-lo ruído da praia de Panxón. O lugar dende onde se observan tódolos fenómenos descritos neste tipo de refráns é tan importante coma os lugares ós que fai referencia. Aínda así, non tódolos fenómenos que se nos describen, como é o caso do son do mar, poden apreciarse hoxe en día debido á contaminación acústica e á expansión dos núcleos urbanos.

É tamén unha constante a presenza do mundo rural e mariñeiro, como non podería ser menos tratándose do eido da fraseoloxía. Esta relación non só se debe a que a maioría dos lugares citados son aldeas, penedos, montes, cabos ou pequenas praias, senón tamén a que a explicación de se fai bo ou mal tempo faise aludindo á navegación ou a labores do campo. Velaquí algúns exemplos: *Sona Burela, colle o gadaño e vai prá terra*, recollido en Foz; *Cando hai escumallo no Cabo, non vaías ó*

M^a Carmen Paz Roca

trasmallo, din en Ortigueira referíndose ó Cabo Ortegal; *Cando as Cíes teñen capelo, garda os aparellos*, en Vigo; *Marea viva e lúa alta, xa non hai un rabo en Coira*, onde Coira pertence á parroquia de Nebra, no Porto do Son.

A relación cos nosos veciños portugueses, casteláns e asturianos tamén queda patente en moitos refráns que anuncian bo ou mal tempo. Como é natural, son máis frecuentes nas zonas limítrofes con eses territorios, nas provincias de Lugo, Ourense e sur de Pontevedra. No concello de Riós, Ourense, din: *Ó camiñar as néboas cara á Gudiña, vellas á cocíña; ó camiñar as néboas cara a Portugal, vellas ó solar*; na zona de Asturias próxima á costa lucense, *Cando roxe o mar en Santa Gadiá, auga segura ó outro día* (Santa Gadiá é lugar da parroquia de San Emeterio, no concello de Bimenes, Asturias); e na provincia de Lugo, *Arreboles de Castilla, vellas á cocíña*.

Topónimos en refráns laudatorios ou desprezativos

A maioría dos topónimos, en concreto o 54,97% dos que foron analizados, aparecen en refráns que recollen alcumes ou atributos dun ou máis lugares. Ás veces o refrán destaca unha característica deses núcleos de poboación, facendo referencia a algún oficio típico ou á beleza da paisaxe, pero na maioría dos casos está posto en boca de habitantes de aldeas veciñas e apuntan sobre todo defectos.

En canto á forma, hai algúns que presentan unha estrutura bimembre na que se cita o nome do lugar na primeira parte e a característica na segunda. Son os do tipo *Os da Coruña son moi longos da uña*, recollido en Bueu. Pero tamén atopamos varias estruturas longas fixas que se repiten en distintas zonas de Galicia cambiando só os topónimos implicados. Neste último grupo é frecuente que aparezan citadas entidades de poboación menores, que na maioría dos casos están próximas entre si. Vexamos algún exemplo: *Os da Estación mataron un burro; os da Chanca, comérono cruído; os de Paradai mandaron recado de que lles gardaran a punta do rabo*. Todos os lugares pertencen ó concello de Lugo, onde tamén foi recollido. A mesma estrutura aparece con outros topónimos en Lalín: *Os de Lamas mataron a besta, os de Cadrón comérona fresca, os de Castelo mandaron recado de que lles gardaran a croca do rabo*. Outro caso de estrutura que aglutina varios topónimos pero que permanece fixa é *En Ares non te pares, en Redes non te quedas, en Camouco para pouco*, onde tódolos topónimos pertencen ó concello de Ares, na Coruña.

O contido deste grupo de refráns que loan ou desprestixian un lugar pode ser moi variado. Ás veces o refrán é simplemente unha aldraxe e outras, destaca os produtos típicos ou oficios predominantes da zona, que non é incompatible coa formación de xogos de palabras co nome do lugar, co alcume ou co que se di del.

Os que fan referencia a produtos típicos son moitas veces laudatorios. É o caso de *Pulpo, de Arcos; pan, de Cea; e viño, de Cabanelas*, recollido no Carballiño; ou *Para bos viños, Ribadavia e todo o Ribeiro de Avia*. Pero non sempre é así. Entre outros moitos, en Cambados recolleuse: *O marisco da ría de Arousa disque nunca foi boa cousa*; e é ben coñecido que *O pan de Astorga, moito na man e pouco na andorga*.

Igual que dicíamos ó falar dos refráns que ofrecen prognósticos meteorolóxicos,

o mundo rural e mariñeiro ten tamén moita importancia neste segundo grupo. O pan, o viño, o cultivo da terra, as feiras e a pesca aparecen unha e outra vez relacionados coa vida dalgunha pequena aldea. Vexamos máis exemplos: En Ribadeo din que *En Meira, nin boa xente, nin boa feira*; e en Ourense que *Os de Tamaguelos matan os bois e aran cos cadelos* (Tamaguelos é parroquia de Verín, Ourense).

No tocante ós alcumes que cada localidade recibe no refraneiro, tamén están relacionados en moitas ocasións cos oficios propios da zona ou con algunha circunstancia histórica. Refráns deste tipo son: *Os do Son, mariñeiros son*, referíndose a Porto do Son; *O cura de Vigo é xastre, e o de Caldas mariñeiro, o de Ourense afiador, e o de Santa Comba casamenteiro* (que parece ter base nunha cantiga). Pero nos que seguen, é difícil rastrexar algunha das circunstancias arriba mencionadas: *Bouceantes, Casmartiño* (Casmartiño é aldea de Santa María de Moreiras, no Pereiro de Aguiar, Ourense), *Curre cas, en Barouzás* (Barouzás é lugar da parroquia de Santa María de Xinzo de Limia, concello do mesmo nome, Ourense); *Mentiráns os de Cibreiros* (Cibreiros é aldea da parroquia de San Xulián de Astureses, concello de Boborás, Ourense) ou *¿De Marín? Xente ruín*.

Topónimos en refráns relacionados cun camiño

Outros topónimos que aparecen no refraneiro están relacionados coa chegada de forasteiros a un lugar ou ben co camiño ata ou por el, ben por terra ben por mar. O 6,99% dos do corpus poderían entrar neste grupo. A sabedoría popular recórdanos: *Amata, pasala con día* (Val da Maía, na Coruña), *Se vas para Deza, o pan que non che esqueza, mais se vas para Camba, lévao na manga* (Camba, en Rodeiro, Pontevedra); *Ó pasa-lo Carromeiro ten coidado, mariñeiro* (Carromeiro, en Santa María de Ameixenda, Cee, A Coruña), *Dende a punta da Estaca á ribeiriña de Foz, canto máis lonxe mellor*, á hora de navegar (Estaca de Bares en Bares, Mañón, A Coruña). Gran parte destas paremias aluden a algún punto do camiño no que facía falta precaución cando se andaba a pé. Se se refire ó mar falan de recolle-la vela ou navegar dun determinado xeito mentres que, cando son de terra, inciden máis en levar provisiones suficientes para unha viaxe difícil, andar de día ou parar moito ou pouco nun lugar. Isto último está relacionado tamén co apartado anterior que falaba da loanza ou desprestixio de lugares na paremioloxía. De feito, a intención é, na maioría dos casos destaca-la ruindade do lugar ou dos habitantes.

Refráns que evocan o trazado dun camiño, polo xeral moi antigo, son: *Quen fez Lugo, fez Astorga e Ponte da Cigarrosa e levou unha pedra no capelo con que fez a Coronatelo*, onde estes lugares quedan no camiño que conectaba Galicia con Castela dende moi antigo. *Quen vai a Santiago e non vai a Padrón, ou faz romería ou non*, fai referencia ó Camiño de Santiago, que continúa ata Iria e Padrón. Do mesmo xeito, *O Pico Sacro, hoxe te vexo, mañán te paso* ten relación co Camiño de Santiago dende Po rugal así como con aquelas rutas que dende o sur levan a Compostela. Este monte de Boqueixón vese de moi lonxe, pero os desprazamentos a pé eran moi lentos e dende que o albiscaban ata que o deixaban atrás había dúas xornadas polo medio.

M^a Carmen Paz Roca

Aconsellan coller provisiones suficientes aqueles que falan da viaxe a un lugar con condicións meteorolóxicas ou orográficas adversas, ou ben os que desprestixian tales aldeas ou vilas argumentando que non son acolledoras. Atopamos así *Cando vaías a Cualedro, leva o pan no capelo*; Cualedro é parroquia e concello na provincia de Ourense, e está nunha zona moi montañosa. Así mesmo, *Non se pasa a Marola nunha caixa de mistos* (A Marola pertence á parroquia de Santa María de Oleiros, A Coruña) e a travesía por mar nesa zona é moi perigosa. Nestes dous casos a idea é que son lugares polos que é difícil o tránsito. Pero, así e todo, en Aguada (Santa Baía)], concello de Carballo, en Lugo din: *Se vas a Ligonde leva pan que abonde e coitelo pra o cortar, que alí non cho han de dar*; Santiago de Ligonde é unha parroquia de Monterroso, Lugo. O refrán neste caso desprestixia os habitantes, de quen di que son pouco hospitalarios.

Topónimos en refráns que contan a historia local

Tanto pequenas coma grandes entidades de poboación conservan a memoria dalgún feito histórico a través da paremioloxía. Uns refírense a eventos moi coñecidos pero noutros o referente só se coñece no lugar onde circula o refrán. Na maioría dos casos xa está esquecido o feito real que lle serviu de base e incluso o significado pode chegar a ser distinto do orixinal. O 4,08% dos topónimos estudados teñen un claro referente histórico, aínda que é posible que moitos outros o fagan dun xeito menos evidente.

Pode incluso ocorrer que algunha destas paremias parezan ou sexan calcos doutras linguas, porque circulan fóra de Galicia e tamén porque os topónimos ós que se refíren non son galegos. Por exemplo, *Zamora non se ganou nunha hora* parece calco do español *No se ganó Zamora en una hora*, referido, segundo Sbarbi, á resistencia de don Sancho contra a súa irmá dona Urraca na conquista desta cidade no ano 1072. En realidade, é difícil saber en cal das dúas linguas se orixinou porque galegos e non galegos participaron no cerco de Zamora.

A medio camiño entre as paremias calcadas e comúns a outras linguas e aquelas que adaptan a estrutura con topónimos autóctonos, temos refráns coma *Ben está Pedro en Roma e Santiago na súa capela*, que é un exemplo de cómo un feito recollido en varias linguas (a primeira parte do refrán) se conecta co caso galego. Aínda que a paremia alude hoxe en día a aqueles que prefíren o malo coñecido que o bo por coñecer, a historia á que fai relación é a existencia da basílica de San Pedro en Roma, paralela coa catedral de Santiago en Compostela.

O caso daqueles refráns que adaptan a estrutura pero cambian o topónimo vai asociado ás veces coa perda de relación entre o dato histórico ó que inicialmente se referiu e a forma. Nas terras do Ulla recolleuse o seguinte refrán: *O que foi a Melilla perdeu a silla e o que foi a Padrón perdeu o sillón*. Ningún dos dous topónimos estaban na paremia orixinal, que reza *O que foi a Sevilla perdeu a silla*, con fundamento no feito de que Alonso de Fonseca, en tempos de Enrique IV, marchou a Sevilla e deixou o arcebispado de Santiago en mans do seu tío. Cando quixo tomar posesión do

cargo, o tío non lle deixou. Non hai constancia de que pasase algo similar no caso de Padrón ou Melilla, pero ámbolos dous topónimos cadran coa rima. O significado do refrán xa perdeu neste caso a conexión coa circunstancia real na que se baseaba.

Moitos outros refiren anécdotas coñecidas só localmente. Polo tanto, poden resultar opacos para quen é alleo ó ámbito no que circulan ou circularon. Por exemplo, nos arredores de Noia, recóllese: *Xente de Noia, campana de coiro, tocan á misa cun corno*. Houbo unha época na que non había campá na igrexa desta vila e empregaban un corno para substituí-las badaladas.

É de destacar tamén a existencia de paremias que fan alusión á historia de Galicia sen limitarse ó ámbito local: *Xa tuvo Galicia reis antes que Castilla leis*, facendo referencia ó antigo reino de Galicia, anterior á unidade do estado español. A emigración está tamén moi presente nos refráns: *Deixan moita vida na Habana os que veñen e non tran nada; Todos temos unha leira en Cuba* ou *Acedo é o mar de Galicia polas moitas despedidas*. Todos tres refírense á emigración a América que durante séculos foi unha esperanza para o que marchaba e moitas veces unha decepción para o que volvía ou non podía volver.

Topónimos que escapan á localización

É caso común que nunha paremia apareza un topónimo que non se refire a ningún lugar concreto pero que, pola súa forma, cadra coa rima ou ritmo que poida tela estrutura e dálle un valor máis xeral ó que se di. O 10,98% dos topónimos atopáronse en refráns deste tipo. Algúns exemplos son: *Na taberna do Couto, beber moito e pagar pouco, Na feira de Vilaverde, o que máis pon máis perde, O xastre de Caldeliñas cose de balde e pon as liñas*. Non importa onde sexa *O Couto*, nin *Vilaverde* ou *Caldeliñas*. É incluso posible que os refráns non se formaran pensando en ningún destes lugares, no caso de existiren; senón que son topónimos que se recoñecen como posibles dentro do ámbito galego, manteñen a rima e aportanlle á unidade fraseolóxica o valor de que o que pasa no Couto, en Vilaverde ou Caldeliñas é algo común ó mundo real en xeral. Por exemplo, á taberna é mellor ir a beber que a xogar, o que máis arrisca máis pode perder e o que traballa de balde non saca proveito.

Noutros casos, aparecen lugares que son fáciles de identificar, pero os topónimos son simplemente elementos que axudan a mante-la rima e ritmo. Non se pode descartar que este tipo de paremias teñan unha base real ou mesmo literaria. Cando se di *Eiquí como en Ribadeu, cada un fuma do seu*, ou *As campás de Toén, cando repínicen ben, din cantando: «O que ten, ten: non precisa de ninguén ¡pobriño do que non ten!*, os refráns non variarían ó colocar calquera outro topónimo co mesmo número de sílabas ou terminación. De feito, hai algúns casos nos que é difícil que o falante estea a pensar nun referente real do topónimo. *¡Vaiche boa, Vilaboa!*, escóitase en lugares moi dispares da xeografía galega, incluso onde non hai un *Vilaboa* próximo.

Unha vez revisadas as características das paremias que conteñen topónimos, volvamos á cuestión do principio: ¿Como se enriquecen mutuamente toponimia e paremioloxía?

M^a Carmen Paz Roca

Os refráns, como parte da tradición popular, conservan moitos nomes de lugares e datos sobre a súa historia ou relación con outras comunidades lindantes que non figuran en listaxes oficiais de microtoponimia ou libros. Polo tanto, é información que está en perigo de caer no esquecemento e que chega a nós só a través da memoria colectiva, da fraseoloxía.

O predominio de topónimos relacionados co mundo rural e mariñeiro e del recollidos, fálanos dunha tradición de apego á terra e ó mar, na que os fenómenos meteorolóxicos e as relacións entre núcleos de poboación veciños xogaban un papel moi importante.

Por último, debemos ter en conta a importancia dos estudos deste legado cultural de cara ó futuro. Os refráns son principalmente produto da tradición popular, e teñen sentido na medida en que o pobo os use. Os topónimos tamén se aseguran a continuidade cando teñen un referente e sírvenlle a unha comunidade para identificar e referirse a un lugar. Cando un refrán ou un topónimo quedan esquecidos, con eles vai tamén a información que transmitían.

A miña intención, non obstante, non foi a de presenta-la situación dende un punto de vista pesimista, senón a de chama-la atención sobre un campo no que aínda queda moito por atopar e que de seguro vai ir incorporando novos elementos a medida que a xeografía, a distribución da poboación e a cultura tamén cambian.

Unha breve mostra de refráns con topónimos²

Abades (Abades, San Paio; Baltar, OU): *O que ve a Abades ve tódolos lugares.*

Abaladoira (Laxe, Santa María; Laxe, C): *Cando a Abaladoira soa, ou chove ou trona.*

Acevedo (Castro de Rei de Lemos, Paradelá, LU): *As cabras de Acevedo van tarde e veñen cedo.*

Adina (Adina, Santa María; Sanxenxo; PO): **Nubes baixas de Udra a Adina, mal tempo axiña.**

Alba (Fisterra/Arteixo, C): *Brúa Alba, tempo en calma.*

Albán (Albán, Coles, OU): *Os de Albán, o que teñen, ao lombo o tran.* (Buciños, Carballedo, LU)

Albarellos (Albarellos, Santiago; Monterrei, OU): *Albarellos, cazafellos.*

Aldán (Aldán, San Cibrán; Cangas, PO): *Néboa en Aldán, chuvia na man.* (Vigo)

Amián (Traba, Santiago de; Laxe, C): *Berra Amián, auga na man.* (Sardiñeiro, Fisterra)

Amiudal (Amiudal, Santiago; Avión, OU): *As campás de Amiudal din sempre que repenican: «¡Quen ten, val; que ten ten vall!».*

Amoeiro (Amoeiro, OU): *En abril augas mil en Deza e Dozón pero nos Chaos de Amoeiro non.*

Amoexa (Amoexa, Santiago; Antas de Ulla, LU): *Ponte de Ourense e cruceiro de Amoexa fixos os Adelcrín, cando se caían vén a fin.*

A toponimia na fraseoloxía galega

Anagaza, A (Somoza; Pobra de Trives, A; OU): *Da Somoza para Anagaza, vai o demo na baraza.*

Anduriñas (Chaodarcas, Santa Ana; Pereiro de Aguiar, O; OU): *Pica toxos, Anduriñas.*

Antas, As (Antas, As; Lama, A; PO): *Nas Antas, moito frío e poucas mantas.* (Cotobade, PO)

Arante (Arante, San Pedro; Ribadeo, LU): *¿Es de Arante? O demo que te levante.* (Ribadeo)

Arbón (Arbón, Santiago; Villayón, AS): *Arbón bo pero a xente non.*

Area (Faro, San Xiao; Viveiro, LU): *¿De Area? Xente hebrea.*

Arnela (Baroña; Porto do Son, C): *Berra a Arnela, o demo tras dela.* (Sardiñeiro, Fisterra)

Asadur (Asadur, Santa Mariña; Maceda; OU): *Campana por campana, Asadur ou nada.*

Badía (Noalla, Sanxenxo, PO): *Pola santa Lucía, mascatos na Badía.*

Baio (Baio, Santa María; Zas, C): *Baio é terra de moita abella.*

Balcobo (Arteixo, C): *Brúa Balcobo, tempo revoltó.*

Baldaio (Carballo, C): *Pión de Baldaio, bo bocado.*

Baltar (Baltar, San Bartolomeu; Baltar, OU): *Entre Baltar e Tixós nacen moitas avisiós.*

Barbás (A Barqueira, Cerdido, C): *En Barbás volve pra atrás.*

Barca, A (Castrelo, Santa Cruz; Cambados, PO): *Na area da Illa moito, na area da Barca nada.*

Barcia de Mera (Barcia de Mera, San Martiño; Covelo, PO): *Terra por terra Barzademera, millor por millor Val de Miñor.*

Ba redo (Baredo, Santa María; Baiona, PO): *Néboa a Baredo, noroeste cedo.* (Ría de Pontevedra)

Barouzás (Xinzo de Limia, Santa Mariña; Xinzo de Limia, OU): *Curre cás, en Barouzás.*

Barra (Bares, Santa María; Mañón, C): *Norte en Barra, vendaval en Bizcaia.*

Batán (Aldixe, San Pedro; Abadín, LU): *As campanas de Batán, por dar, dan.*

Beado (Beado, Santa María; Beade, OU): *O viño de Beade ben que me sabe.*

Bealo (Bealo, San Pedro; Boiro, C): *Os de Bealo, nin boa besta nin bo cabalo.*

Bendia (Bendia, San Pedro; Castro de Rei, LU): *Se vas a Bendia leva merenda.*

Bendoiro (Bendoiro, San Miguel; Lalín, PO): *Vacas da Ulla e muller de Bendoiro non as metas na casa, que che é un agoiro.*

Berbería (Costa de África): *Vento de Berbería levanta nun día.*

Betán (Betán, San Martiño; Baños de Molgas, OU): *Os de Betán venden o pote e matan o can.*

Boeiros (Moreiras, Santa Marta; Pereiro de Aguiar, O; OU): *Poucas verdades hai en Boeiros.*

Bon (Aldán, San Cibrán; Cangas, PO): *Se ronca a area de Bon, cambios de tempo son.* (Bueu)

M^a Carmen Paz Roca

Bouzas (Boimorto, Santa Baia; Vilamarín, OU): *Dios nos libre de tratos e contratos cos de Bouzas e Tamallancos.*

Brántega (Brántega, San Lourenzo; Agolada, PO): *Os de Brántega, croeiros.*

Buciños (Buciños, San Miguel; Carballedo, LU): *Carballedo, boas mozas, que en Buciños sonche roxas.*

Burres (Burres, Arzúa, C): *¿Pra onde vas, Ramiro? Sonche de Burres e vou pra ningures.*

Bustelo de Arriba (Vilouzán, Santo Estevo; Lán cara, LU): *Agora o café, astra en Bustelo de Arriba.*

Cabalo (Cíes, Illas; PO): *Ruído no Cabalo, malo, malo, malo.*

Cabarcos (Cabarcos, San Xulián; Barreiros, LU): *En Cabarcos capan os gatos, en Vilanova bótanos fora... gache gatiño pra cas túa dona.*

Cachamuña (Esgos, Esgos, OU): *Viño do Pereiro, mexadeiro; San Salvador, algo millor; Tibiás, pra po-las mañás; Castadón, si ou non; Lamela, purrela; Cachamuña, purreliña; Ceboliño, nin auga nin viño.*

Cádavos (Cádavos, Santa María Madanela; Mezquita, A; OU): *Os de Cádavos, unha xarriña dun trago.*

Calde (Calde, San Pedro; Lugo, LU): *Aire de Calde, nin de balde.*

Camariñas (Camariñas, C): *Por Camariñas e cercanías todos viven da rapiña.*

Campá, A (Couboeira, Santa María Madalena da; Mondoñedo, LU): *Na Campá, ningún campou nin campará.*

Cancelada (Canceada, Santo Tomé; Cervantes, LU): *Vacas da Cancelada, moito ubre e pouca canada.*

Carballeira de santa Xusta (Santa Xusta de Moraña; Moraña, PO): *Na carballeira de santa Xusta unha xente á outra busca.*

Carballeira, A (Mato, San Xillao do; Chantada, LU): *Os da Carballeira, lázaros.*

Cardoeiro (Betán, Baños de Molgas, OU): *Os de Cardoeiro comen o burro tras do outeiro.*

Carguizoi (Tioira, Maceda, OU): *Carros de Carguizoi e xente de Vilar non se hai que fiar.*

Caritel (Caritel, Santa María; Ponte Caldelas, PO): *En Caritel tódolos homes son Varelas, que non mandan eles, mandan elas.*

Caroi (Caroi, Santiago; Cotobade, PO): *Farramonteiros os de Caroi.*

Carracedo (Carracedo, Santiago; A Peroxa, OU): *Se queres testigos falsos, vai á misa a Carracedo.*

Carrás (LU): *Luna a Carrás, pleamar estás.* (Saleta, Foz)

Casares (Peites, San Martiño; Ribas de Sil; LU): *-¿Onde irás, boi, que non ares? -A Casares.*

Casmartiño (Moreiras, Santa Marta; Pereiro de Aguiar, O; OU): *Bouceantes, Casmartiño.*

A toponimia na fraseoloxía galega

- Caspiñón** (Moreiras, Santa Marta; Pereiro de Aguiar, O; OU): *Avogados, Caspiñón.*
- Castelo** (Ribadeo, LU): *Nebra no Castelo, sardiña no cesto.* (Ribadeo)
- Castromil** (Castromil, Nosa Sra., Mezquita, A; OU): *Os de Castromil apinchan o barril.*
- Castrove** (Meis; PO): *Cando o Castrove ten gorro, chuvia a morro.* (Poio)
- Catasós** (Catasós, Santiago; Lalín, PO): *Os de Catasós, catorce veciños e quince ladrós.*
- Cervás** (Cervás, San Pedro; Ares, C): *En Cervás, tris tras.*
- Cesuras** (Remedios, Nosa Señora dos; Mondoñedo, LU): *En Estelo non hai mozas; en Zoñán todas son vellas; e, en baixando pra Cesuras, hai un farto de purrelas.*
- Chaián** (Chaián, Trazo, C): *Muller de Xavestre e boi de Chaián, compralo hoxe e vendelo mañán.*
- Chan, A** (Carballedo, Cotobade, PO): *Deza, Trasdeza e Val de Quireza e no Chan de Tenoiro unha peza.*
- Chana** (Muimenta, Campo Lameiro, PO): *Paradela mala terra, e Chana irmá dela.*
- Chaodarcas** (Chaodarcas, Santa Ana; Pereiro de Aguiar, O; OU): *Teares vellos, Chaodarcas.*
- Chouzán** (Chouzán, Santo Estevo; Carballedo, LU): *En Chouzán, nin viño nin pan.*
- Chuchurumbé**: *O monte de Chuchurumbé, canto mais se mira menos se ve.*
- Cibreiros** (Astureses, San Xulián; Boborás, OU): *Mentiráns os de Cibreiros.*
- Cimadevila** (Melias, Santa María; Pereiro de Aguiar, O; OU): *Laxas duras, Cimadevila.*
- Coira** (Nebra; Porto do Son; C): *Marea viva e lúa alta, xa non hai un rabo en Coira.*
- Coiras** (Coiras, San Xoán; Piñor, OU): *Os de Coiras rillan as vasoiras.*
- Condado** (Recemel, Santa María; Somozas, As; C): *Sombreiro no cabo, chuvia no Condado.*
- Corneda** (Taboexa, Santa María; Neves, As; PO): *No agro da Corneda, moito pan e pouca meda.*
- Cornería** (Barreiros, Foz, Lourenzá, LU): *Nebra en Corneria, vento ou auga ao outro día.*
- Corredoira**: *Besteiros na Corredoira.*
- Corullón**: *En tempo de figos, os de Corullón non queren amigos.*
- Cotá** (Cotá, San Martiño; Friol, LU): *Nebaceira en Cotá, auga á porta.*
- Cotarelo** (Castro, Santa Mariña do; Carballedo, LU): *Mañás de Loureiro e tardes de Cotarelo.*
- Dacón** (Amarante, Santa María; Maside; OU): *Pra escoller xamón vaite a Dacón.*
- Derrasa, A** (Moreiras, Santa Marta; Pereiro de Aguiar, O; OU): *Carniceiros, na Derrasa.*
- Douro**: *A xente de entre Douro e Miño calza de pau e veste de liño, e come do pan do paxariño, e bebe do viño de enforcado e ten unha forza do diabo.*
- Duarría** (Duarría, Santiago; Castro de Rei; LU): *Os de Duarría traballan de noite e durmen de día.*

M^a Carmen Paz Roca

Entrimo (Entrimo, Santa María a Real; Entrimo; OU): *Vaca de Entrimo e muller de Gaiás, fuxe de ela coma dos cas.*

Enxa, A (Baroña, Porto do Son): *Chove da Enxa e fai vento da ría, temos chuvia para todo o día.*

Escairón (Escairón, Saviñao, O; LU): *Cos de Escairón, nin trato nin conversación.*

Esculqueira, A (Chaguazoso, Mezquita, A; OU): *Os da Esculqueira, avogados de lareira.*

Esfarrapada (Anceu, Ponte Caldelas, PO): *En Caritel non hai nada, Miguel, e na Esfarrapada, Miguel, non hai nada.*

BIBLIOGRAFÍA

Corpas Pastor, Gloria (1996). *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos.

Gabaudan, Paulette (1997). «El refrán fuente de información en el *Refranero geográfico zamorano* de Luis Cortés» en *Paremia* 6, 251-256.

NOTAS

1. As porcentaxes deben tomarse só como referencia, xa que un mesmo refrán pode ás veces entrar en máis dunha das categorías que se fixeron neste traballo ou non acomodarse completamente a ningunha delas. Cando esto ocorre, elixiuse a considerada máis representativa ou máis evidente.
2. Por razóns de espazo, non era posible reproducir todo o corpus empregado e analizado para o estudo. A selección fíxose baseándose nos seguintes criterios:
 - 1) Cando un refrán contén varios topónimos, aparece só localizado un deles. Deste xeito, non aparecen refráns repetidos.
 - 2) Para cada topónimo seleccionouse un só refrán, para poder ofrecer o maior número posible de topónimos.
 - 3) Nun último intento de axusta-lo espazo ó volume de información, seleccionáronse os topónimos de entidades de poboación menores fronte ás maiores e os refráns considerados menos coñecidos. A intención desta elección é facer constar no traballo aqueles topónimos e refráns que menos se coñecen.
 - 4) Só se inclúe a referencia de onde foron recollidos cando se dispoñía dela e se considerou relevante para o significado do refrán.
 - 5) A selección fíxose só dende os topónimos que empezaban por «A» ata os que empezaban por «E».

A toponimia na fraseoloxía galega

A ortografía está adaptada á normativa oficial, aínda que se respectaron as formas que representan unha realización fonética peculiar ou trazos dialectais.

LENDA: Tomando como exemplo a primeira entrada, «Abades» é o topónimo; («San Paio de Abades» é a parroquia á que pertence, «Baltar» é o concello e OU é a provincia). O refrán aparece en cursiva. Ás veces despois do refrán aparece entre paréntese o lugar de procedencia.